



Discurso da alcaldesa Goretti Sanmartín Alba de Compostela 2024

Prezadas veciñas, prezados veciños, benvidas á vosa festa, a Alba de Compostela, a celebración dun concello que é capital e é terra de persoas que cada día constrúen futuro, orixe de iniciativas que avanza para facernos máis fortes, colectivamente, de mans dadas.

O pasado ano anunciáramos que volveríamos a este teatro co son das campás da nosa cidade. Así o fixemos. Como acabamos de sentir, os sinos da Catedral tanxeron para comezar esa muiñeira de campás que Castelao conseguiu facer oír a un auditorio a dez mil quilómetros de aquí, co repenique en diálogo con todos os campanarios da cidade.

Escoitamos, pois, o son único das campás amplificado nas rúas e prazas desta cidade magnífica nun momento en que tamén queremos homenaxear Castelao e ese auditorio de emigrantes e persoas exiliadas que foron quen de imaxinar e sentir a música fermosa que, nese día de festa, se producía nunha terra á que, posibelmente, sabían que nunca máis regresarían.

Agradecemos á Asociación Cultural de Campaneiros de Galiza por recuperar o repenique das campás da Catedral de Santiago que se perdera nos anos setenta, e traernos hoxe, nun día tan importante para o noso concello, unha parte singular da memoria sonora de Compostela. Temos nesta xornada, pois, a fortuna de, tanto tempo despois, neste 25 de xullo, Día nacional de Galiza e Día de Compostela, poder sentir este repenique, único no mundo en que a campá de Santiago o Maior marca o ritmo para compor logo un conxunto harmonioso de sinos tocando a muiñeira da que fala Castelao no seu discurso. Sentín agora esta fermosa música e non me foi difícil pensar que o son da campá ten moito a ver co latexar dos corazóns... golpes intensos que ecoan nunha cavidade que amplifica o son e provoca unha vibración única. Talvez tamén Castelao,

evocando esa alborada musical en Compostela, quixo facer aínda máis forte esa relación afectiva que, a tantos quilómetros, o uniría á cidade da súa mocidade e de tantas e boas lembranzas á que nunca máis regresaría.

Quixemos que fose precisamente nesta festa, nesta celebración que conmemora Castelao, o seu inmortal discurso e os homes e mulleres que constrúen Compostela, que fan que este concello sexa máis grande, cando, de novo, sintamos ese son que nos une, que latexa como un corazón único.

Benvidas, pois, á Alba de Compostela que chega á súa segunda edición cos brazos abertos e a alegría de nos atopar de novo nunha festa que naceu para ser colectiva, unitaria, para sumar vontades, para dialogarmos e medrar, para subir novos chanzos nesta Compostela amada, neste concello ao que tanto queremos que precisa de todas as mans, de todas as cabezas, de todas as enerxías.

Permitídemme que, como alcaldesa, traslade hoxe a miña alegría por ver este teatro de novo cheo, por comprobar que, coma sempre mantivemos, este é o acto que Compostela precisaba, a celebración propia nun día grande en que o noso concello tiña tamén que ser protagonista, por dereito propio. Prevalece hoxe, ben o vemos, o amor por esta maravillosa Santiago de Compostela que temos a sorte de habitar e que queremos facer medrar día a día.

Quero agradecer a todos os grupos que forman parte da Corporación de Santiago de Compostela que participasen e colaborasen á hora de organizar este acto. Desde o seu nacemento, a Alba de Compostela quere ser unha festa común, unha festa de todo o mundo, cada vez máis grande, cada ano máis consolidada, unha tradición nova que, como as boas tradicións, precisa que se repita e se queira para existir. E se, pasado o tempo, cando xa nós non esteamos aquí e este auditorio estea ocupado por novas xeracións de composteláns e compostelás, este concello continúa sumando nomes a esta constelación que iniciamos o pasado ano, non teño a menor dúbida de que será a maior proba de que este acto era necesario e merecido, polo ben de Compostela, polo orgullo de formarmos parte dunha colectividade que nos identifica, por sermos veciñas e veciños dunha terra única que é cidade do mundo, capital dun país, patrimonio da humanidade mais tamén o espazo querido en que vivimos e soñamos co mellor dos futuros.

Confeso que, para min, este acto é un dos máis relevantes do ano na intensa axenda dunha Alcaldía como a nosa. Dícíao o pasado ano, cando anunciaba que, desde o Concello, acariñaríamos de maneira especial esta Alba de Compostela que nacía con ilusión, con esperanza, con vontade de defender o noso lugar no mundo. Acababa entón de chegar a Alcaldía e, como ben imaxinan, aínda case todo era futuro. Agora, un ano despois, a Alba de Compostela, a título particular, sérveme tamén de balance, de análise e valoración, de botar un ollo ao ano feito e pensar con responsabilidade no que fica por vir. Nese exercicio, quero trasladarlles a miña felicidade por ver toda a corporación neste teatro un ano despois, polo diálogo, polos debates, pola necesaria colaboración institucional cando o único obxectivo é o ben común que é, en definitiva, o fin a que se ten que dirixir toda acción política.

Volvemos a este fermoso teatro no día grande de Compostela, no día grande da Galiza, para recoñecermos de novo persoas e entidades que son motor de futuro, que son fortuna para todas nós, que son pezas fundamentais para que este concello sexa máis xusto, máis igualitario.

Evocamos o pasado ano neste mesmo espazo o 75 aniversario daquel momento estelar en que Castelao, nun día coma hoxe, un 25 de xullo, no Teatro Arxentino de Bos Aires, pronunciaba un texto histórico, un monumento literario que hoxe tamén festexamos.

Con voz emocionada, sen dúbida, Castelao ofrecíanos esa Alba de Gloria que hoxe lemos como un acto de homenaxe e esperanza.

Nese discurso brillante, de amor infinito por un país que evoca, Castelao fai desfilar a Santa Compañía de galegos e galegas inmortais, a comezar por Prisciliano, nunha listaxe xenerosa en que recoñecemos figuras chave da nosa historia como o Mestre Mateo, Alexandre Bóveda, Inés e Xoana de Castro, Roi Xordo, o Pedro Madruga, Exeria, o Padre Sarmiento ou Otero Pedraio. Un total de sesenta e sete nomes incuestionábeis, piares fundamentais dunha Galiza que ve na distancia mais sente próxima.

Comezamos nós a construír a nosa particular Alba de Compostela con aqueles primeiros e fulgurantes nomes de Daniel Lorenzo Santos, da Fundación Catedral, os equipos femininos de Hóckey Club Raxoi, a psicóloga Rosa Álvarez e a dinamizadora da Cidade Vella, Ánxeles González Porto, Angi, nomes que falan dun concello diverso, de vangarda, de proxectos colectivos e ilusións novas. Neste serán, engadiremos novos nomes a ese ronsel brillante que é a Alba de Compostela, esa constelación

que quere recoñecer quen, co seu traballo diario, co seu esforzo e a súa vontade, fai, día a día que Compostela sexa un lugar mellor para vivir, máis xusto, máis igualitario.

E tamén por unanimidade, nesta vontade de premiar persoas que están a contribuír a facer mellor o noso concello e, desde aquí, o noso mundo, quixemos hoxe recoñecer o bo facer de Concha Losada Vázquez, que preside o padroado dun centro que é referencia do que somos, un espazo que fala de nós, da nosa identidade e coida e mostra con orgullo o legado cultural que chegou até nós das xeracións que nos precederon e que nós temos a obriga e a responsabilidade de facer que chegue ás que virán despois. O patrimonio material e inmaterial da nosa cultura está felizmente coidado polo Museo do Pobo Galego, con quen tanto nos une, baixo o mando de Concha Losada, unha muller infatigábel tamén na defensa e preservación do noso traxe tradicional.

Merece, por méritos propios, formar parte da constelación da Alba de Compostela, Xaquín Mato Castro, que dá o seu nome a un comercio emblemático do Ensanche, como sempre se fixo no sector tradicionalmente en que a simbiose entre a persoa que o rexentaba e o establecemento era tal que compartían a forma de se chamar. Neste caso falamos, claro está, da Papelería Xaquín en que toda persoa de Compostela nalgunha ocasión entrou para mercar bolígrafos ou cadernos, entre outras moitas cousas, e atopou a atención persoal e o coidado do seu propietario, que tamén foi presidente da Asociación Veciñal Raigame. O nome de Xaquín fálanos do Ensanche máis comunitario, das mellores calidades do pequeno comercio, tan relevante nun concello como o noso, e da implicación persoal en proxectos colectivos como o propio movemento asociativo..., razóns de peso para ser hoxe unha das nosas estrelas.

A ciencia, a investigación e a Universidade están no corazón de Compostela, dándolle identidade, situándoa na vangarda, na liña do mellor progreso, o que beneficia a vida das persoas. E aí, nese lugar punteiro, situamos a nosa galardoada Mabel Loza García, un dos nomes propios da investigación científica como catedrática de Famarcoloxía e directora científica do CIMUS, cunha traxectoria espectacular en que destacan grandes avances para a saúde pública que veñen dunha pioneira nun mundo como o da investigación en que foi especialmente difícil superar a discriminación das mulleres. Saúde e coidados! Velaquí os seus e os

nosos desexos nun concello que sempre mantivo unha especial relación co ámbito sanitario.

E a Compostela que queremos, pola que traballamos, é igualitaria, xusta, sen exclusións, con dereitos para todas as persoas, o primeiro deles, o dunha vida digna, sen que ninguén pase fame nin frío, con vivenda, con traballo de calidade. Esa é tamén a Compostela coa que soña e para a que traballa Miguel Fernández Blanco, Presidente do Foro Galego de Inmigración e portavoz da Plataforma polo Emprego e voluntario de Cáritas. Miguel sitúase sempre do lado de quen máis o necesita, para mellorar a súa vida, para impedir a explotación, para buscar a sociedade integradora que queremos. E sabe, como nós compartimos, que, se avanzamos na eliminación da pobreza e a exclusión, non só se beneficia a parte máis vulnerábel da nosa sociedade... beneficiámonos colectivamente porque estamos construíndo un mundo mellor, máis feliz, un concello máis amábel.

O pasado ano conmemorabamos o 75 aniversario dese momento en que Castelao pronuncia o que está considerado un dos mellores discursos da nosa historia. Quen vivira nas nosas rúas na súa mocidade, no tempo de bacharel e Universidade, botaba de menos estar entre nós no día grande de Galiza e conseguía, con maxistral destreza e eficacia, trasladar todo aquel auditorio até aquí mesmo, até unha cidade en festas. Tempo antes, seis anos atrás, escribira unha frase que aínda hoxe, a quen temos a sorte de poder vivir aquí, semella concentrar a dor que provoca unha inxustiza histórica: "Quen me dera volver a verte, miña Compostela!" escribiu Castelao no seu exilio... sabedor talvez de que o seu desexo xa nunca se cumpriría. Temos, tamén por iso, unha débeda con quen tanto quixo a Compostela, con quen formou parte da súa mellor historia e contribuíu a facela única, e comprometémonos a seguir mantendo entre nós a súa memoria, de maneira especial, a que vincula a súa xenerosa biografía ao noso concello, coa fortuna que temos de que unha figura incuestionábel como é a de Castelao teña un vínculo tan grande con Compostela.

Sen ir máis lonxe, cúmprese este 2024 o corenta aniversario do traslado dos seus restos ao Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, en San Domingo de Bonaval, facendo aínda máis intensa a súa relación con Compostela. Non puido cumprir o seu desexo mais a súa memoria fica sempre en nós neste ano en que, ademais, se cumpre o centenario do seu nomeamento como membro do Seminario de Estudos Galegos, un

proxecto que conmemoramos e do que nos enorgullecemos como composteláns e compostelás.

Dicía Castelao que foi na nosa cidade, na súa mocidade, onde lle naceu a idea dunha Galiza "máis xusta, máis libre, máis farturenta", e hoxe, tanto tempo despois, continuamos a partillar ese ideario e defendelo na súa memoria porque difícil é definir de mellor maneira o futuro que queremos.

A través de Castelao, homenaxeamos hoxe homes e mulleres de Compostela, a súa cidade, e destacamos a súa figura inmensa, a referencia fundacional incuestionábel á que tanto debemos. E afirmamos, sen medo a nos trabucar, que Castelao é un nome que merece estar non só na súa Alba de Gloria de inmortais do noso país senón tamén na nosa Alba de Compostela, a constelación de estrelas ás que tanto lle debemos.

Obrigada á Asociación de Campaneiros pola súa colaboración co vídeo e por recuperar o son tradicional e manual das campás.

E moitas grazas tamén á Fundación Castelao con colaborar no contido do acto, a través do vídeo e o texto de contido do libreto.

Remato tomando unhas páxinas do xornal Galicia publicado tal día coma hoxe, un 25 de xullo, de 1923 en que Castelao debuxa tres apóstolos Santiago nas distintas iconografías. Unha delas é a que, sen dúbida, escolle como próxima ao seu ideario. É o Santiago amábel e acolledor do pórtico da Gloria, o imaxinado polo Mestre Mateo que fala de diálogo e concordia fronte á imaxe aguerrida a cabalo que tamén coñecemos. Con ese Mestre Mateo creador, con ese Santiago amábel e con ese Castelao xenial xunto coas persoas que hoxe premiamos, Concha, Xaquín, Mabel e Miguel, continuaremos sumando estrelas á constelación da nosa Alba de Compostela. Esas que tan ben deseñou Jose Castro e que nos guían en todo momento

Despídome, desexándolles, como Castelao no seu monumental discurso, que

"a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quentar os vosos fogares". Que así sexa.